



DATOS IDENTIFICATIVOS

Mundo actual

Materia	Mundo actual			
Código	O02G251V01604			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Juana López, Jesús de			
Profesorado	Juana López, Jesús de			
Correo-e	jjuana@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Estudio dos principais acontecementos e os procesos xerais de cambio e continuidade da Humanidade a partires da segunda metade do século XX en perspectiva diacrónica, con especial atención á realidade europea sen renunciar ao estudo comparado doutros espazos mundiais.			

Competencias

Código	
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
B5	Valorar as necesidades e problemas da sociedade e as aportacións (en termos de contribución efectiva) xeradas dende os ámbitos xeográfico-históricos, tendo en conta a necesaria igualdade social e entre sexos, a discapacidade e a educación para a paz
C12	Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado
C21	Coñecemento da historia da integración europea
D1	Capacidade de análise e síntese
D3	Capacidade de organización e planificación
D4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
D11	Capacidade de aprendizaxe autónoma
D15	Sensibilidade cara temas ambientais.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias	B5	D1
Coñecemento da Historia da integración europea		C21
Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado	A4	C12
Elaboración de traballos básicos e de iniciación		D1 D3 D4 D11 D15

Contidos

Tema	
1. Os fundamentos do mundo actual.	1.1. A Guerra Fría e a política de bloques. 1.2. A evolución económica a partires da Segunda Guerra Mundial. 1.3. O mundo capitalista. O proceso de integración europea. 1.4. O mundo comunista. 1.5. Descolonización e Terceiro Mundo.

2. Entre dous milenios.

- 2.1. A nova Orde Internacional.
- 2.2. A crise do Estado de Benestar.
- 2.3. Os grandes conxuntos rexionais.
- 2.4. Os retos do presente.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Titoría en grupo	6	0	6
Traballos de aula	5	10	15
Traballo tutelado	4	18	22
Lección maxistral	22	27.5	49.5
Actividades introdutorias	1	0	1
Eventos docentes y/o divulgativos	2	2.5	4.5
Seminario	6	12	18
Probos de resposta longa, de desenvolvemento	3	22.5	25.5
Probos de resposta curta	1	7.5	8.5
Outras	0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Titoría en grupo	Sesións orientadas ao seguimento e orientación sobre o estudo de contidos, a preparación das actividades e probas de avaliación e a realización dos traballos en grupo.
Traballos de aula	Actividades orientadas á resolución de exercicios prácticos na aula relacionados cos contidos introducidos nas sesións maxistras que inclúan a resolución de comentarios e composicións de texto histórico, mapas históricos e análise e interpretación de materiais gráficos.
Traballo tutelado	Traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado orientados ao achegamento aos instrumentos de recompilación de información e ás fontes propias da época contemporánea. Deberán estar asignados inexcusamente antes do remate do primeiro mes do cuadrimestre.
Lección maxistral	Explicación dos contidos da materia polo profesor.
Actividades introdutorias	Sesións orientadas a presentar a materia, tomar contacto co alumnado e reunir información sobre as súas competencias, motivacións e intereses.
Eventos docentes y/o divulgativos	Asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia
Seminario	Traballo de aula individual ou en grupos informais a partir de materiais de diversa natureza co obxectivo de afondar nunha selección de contidos de especial dificultade ou relevancia introducidos ou non nas sesións maxistras, por medio de relatorios ou conferencias, etc.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Seguimento individualizado dos materiais xerados nos seminarios para facilitar a comprensión daqueles contidos de especial dificultade ou relevancia introducidos ou non nas sesións maxistras. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula. ALUMNADO NON PRESENCIAL: Curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle (Faitic, UVigo).
Titoría en grupo	Seguimento e orientación sobre o estudo de contidos, a preparación das actividades e probas de avaliación e a realización dos traballos en grupo. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula. ALUMNADO NON PRESENCIAL: Curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle (Faitic, UVigo).
Traballos de aula	Seguimento individualizado das actividades orientadas á resolución de exercicios prácticos na aula polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula. ALUMNADO NON PRESENCIAL: Curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle (Faitic, UVigo).
Traballo tutelado	Seguimento individualizado das actividades orientadas á elaboración dos traballos prácticos realizados polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula. ALUMNADO NON PRESENCIAL: Curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle (Faitic, UVigo).

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
------------	---------------	---------------------------------------

Traballos de aula	Presentación e entrega, nas datas sinaladas e conforme aos parámetros indicados, dos exercicios prácticos sinalados. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Coñecemento da Historia da integración europea Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado Elaboración de traballos básicos e de iniciación	5	A4	C12 D15 C21
Traballo tutelado	Presentación e entrega, na data sinalada dos traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado. Valorarase o marco teórico, a estrutura e articulación do traballo, a reflexión crítica sobre as fontes e a presentación formal do mesmo. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Elaboración de traballos básicos e de iniciación	15		D3 D4 D11 D15
Lección maxistral	Valorarase os coñecementos teóricos da materia, a estruturación de ideas e a precisión e claridade expositiva a través de dúas probas de avaliación que incluírán tanto probas de contido teórico como comentarios de textos, mapas e gráficas. Para superar a materia será preciso acadar, en ambas as dúas probas, unha cualificación de cando menos 5 puntos. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia. Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias. Coñecemento da Historia da integración europea	60	B5	C21 D1
Seminario	Selección, presentación, análise e crítica dos materiais traballados e capacidade para fomentar o debate, a discusión e a participación. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Elaboración de traballos básicos e de iniciación	10		D3 D4 D11
Outras	Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado, a través da realización e presentación de tarefas establecidas nas sesións teóricas e prácticas, seminarios, titorías e outras actividades. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Elaboración de traballos básicos e de iniciación.	10		D3 D11

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos.

Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á avaliación continua examínanse de todo o programa da materia, o cal deberán preparar a partir da bibliografía básica sinalada. Asemade, deberán realizar obrigatoriamente un traballo práctico que implique o manexo dunha fonte histórica propia da materia, o cal será comunicado ao profesor responsable con anterioridade ao remate das sesións presenciais e entregado na data do exame final. Este último suporá o 70% da nota final e o traballo práctico o 30%. En todos os casos (modalidade presencial, semipresencial e opción polo mencionado art. 12), para superar a materia, requírese obter unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 tanto na parte teórica como na parte práctica. En todos os casos (modalidade presencial, semipresencial e opción polo mencionado art. 12), para superar a materia, requírese obter unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 tanto na parte teórica como na parte práctica.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

MAMMARELLA, G., **Historia de Europa contemporánea desde 1945 hasta hoy**, Ariel, 2008

DÍEZ ESPINOSA et al., **Historia del Mundo Actual (desde 1945 hasta nuestros días)**, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Val, 2006

NUÑEZ SEIXAS, J.M., **Las utopías pendientes. Una breve historia del mundo desde 1945**, Crítica, 2015

Bibliografía Complementaria

PAREDES, J. (coord.), **Historia Universal contemporánea. II: de la Primera Guerra Mundial a nuestros días**, Ariel, 2000

NOUSCHI, M., **Historia del siglo XX. Todos los mundos, el mundo**, Cátedra, 1996

MARTINEZ CARRERAS, et als., **Historia del mundo actual**, Marcial Pons, 1996

ARÓSTEGUI, J., BUCHRUCKER, C. e SABORIDO, J., dirs, **El mundo contemporáneo. Historia y Problemas**, Crítica, 2001

ARACIL, R., OLIVER, J. e SEGURA, A., **El mundo actual. De la segunda guerra mundial a nuestros días**, Universitat de Barcelona, 1998

JUDT, T., **Postguerra. Una historia de Europa desde 1945**, Taurus, 2006

Recomendacións

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma TEM@, polo que todos os alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.
